

## Presencia dos *Seis poemas galegos* de García Lorca na poesía galega

**Xesús Alonso Montero**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2012 [1998]). “Presencia dos *Seis poemas galegos* de García Lorca na poesía galega”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 115-129. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1772>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (1998). “Presencia dos *Seis poemas galegos* de García Lorca na poesía galega”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 115-129.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Presencia dos *Seis poemas galegos* de García Lorca na poesía galega

---

Xesús Alonso Montero

*¡Gloria ó poeta que vén dende fóra  
e hoxe en galego cociña o seu pan!*  
Gregorio San Juan

*Para Luz Pozo Garza*

Está por estudar a influencia da poesía de Federico nos nosos poetas, especialmente o Federico do *Romancero gitano* (1928), o máis pegadizo (e o máis perigoso tamén). Nalgunhas páxinas de *Jacobusland*, de Emilio Pita (1942), actúa, cremos, este Lorca. Xa moito antes, en castelán, Ánxel Fole era capaz de romancear *in modo lorquiano*, desta maneira, no “Responso a Pepe Benito”, o famosísimo cacique de Lugo:

*Los arcángeles borrachos  
le pegan a San Tarsicio.  
Buscan sudario a su cuerpo  
muy brillante y muy cumplido;  
el rojo lo da la sangre,  
la bilis, el amarillo.  
Hasta los potros del viento  
vienen al fúnebre oficio,  
con gualdrapas de tinieblas  
recamadas de platino*<sup>1</sup>.

Carballo Calero, na súa *Historia da literatura galega contemporánea*, advirte “ecos profundos do *Romancero* de Lorca” en *O vento segrel* de Augusto Casas (1932)<sup>2</sup>. O mesmo autor, verbo de Amado Carballo, afirma que, “como en Federico García Lorca, hai residuos de tropoloxía ultraísta”<sup>3</sup>. Afirmado o cal, cita os dous primeiros versos de “O galo” (“Ábrelle as portas ao día/ coa chave do teu cantar”), que Carballo relaciona con dous versos de García Lorca:

*Las piquetas de los gallos  
cavan buscando la aurora.*

Son os dous primeiros versos de “Romance de la pena negra”, xa contido na primeira edición de *Primer romancero gitano*, de 1928, pero Amado Carballo morrera un ano antes. Os especialistas, no caso de Lorca, suxiren que se inspirou no verso 235 do *Cantar de Mio Cid* (“A priessa cantan los gallos e quieren quebrar albores”), lido incorrectamente (en realidade “albores” é suxeito de “quieren”). No caso de Amado Carballo ignoramos se actuaba nel algunha lectura cidiana escolar no momento de compondo “O galo”, primeiro poema do libro homónimo, póstumo (1928).

Pegadas de varios libros de Lorca atopan os estudiosos da nosa poesía nalgúns autores. É o propio Carballo Calero quen, verbo de *Cántiga nova que se chama riveira* (1933), de Cunqueiro, chega á conclusión de que se trata dunha “poesía que presenta certa afinidade coa dos primeiros libros de Alberti, e aínda de García Lorca”<sup>4</sup>. Noutro libro neotrobadoresco, *Nao senlleira* (1933), de Bouza-Brey, encontra Anxo Tarrío “pegadas sutís de Rosalía de Castro e de García Lorca”<sup>5</sup>. Pola nosa parte, cremos que algúns dos nosos poetas non foron alleos a un dos máis grandes poemas de Lorca, ó *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías* (1934). Eu percibo modos desta xenial elexía en dous poemas de Emilio Pita do libro *Jacobusland* (1942)<sup>6</sup>: “Saga da vella lelía” e “Morte de Alexandre Bóveda”. Versos hai, neste epicedio, de clara inspiración lorquiana:

*Levan a Alexandre Bóveda  
ar e río silandeiros;  
a frol da neve nos párpados,  
a frol da lúa nos beizos.  
O levan os bois da néboa  
catro son e os catro negros.*

Ata “os bois da néboa” nos fan pensar nos “sete bois de lúa” de “Cántiga do neno da tenda” e, máis aínda, nos “catro bois” de “Romaxe de Nosa Señora da Barca”.

A parte final da nenia a García Lorca<sup>7</sup>, de Aquilino Iglesia Alvariño (1958), significativamente titulada “Pranto”, non parece ser allea a algúns versos da segunda parte (“La sangre derramada”) do *Llanto*:

*¡Ai, cana de son no aire crebada  
coma un pe de millo na esfarna!  
¡Ai calandra de lume na mañá garrida  
cun leopardo polo teu canto arriba!  
¡Ai, reiseñor da morte a tiro fixo  
e o corazón de musgo verdecido!  
¡Ai cabaleiro da amargue alborada  
cunha dama sen ollos ás ancas!  
¡Ai cabaleiro da dama sen ollos,  
sombra amiga na quintana dos mortos!*

Pero no presente artigo só nos propoñemos examinar o influxo exercido nos nosos poetas por un libro de García Lorca, aquel que para nós é, sen dúbida, o

máis entrañable (e, tamén, o máis sorprendente): *Seis poemas galegos* (1935). Da presenza —non só do influxo— deste libro na obra dos nosos poetas imos trazar unhas cantas notas. Para facilitarmos a lectura das presentes páxinas, ofrecemos a numeración e o título das seis composicións de García Lorca tal como figuran na primeira edición en volume (Santiago de Compostela, Nós, 1935):

- I: Madrigal â cibdá de Santiago
- II: Romaxe de Nosa Señora da Barca
- III: Cántiga do neno da tenda
- IV: Noiturnio do adoescente morto
- V: Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta
- VI. Danza da lúa en Santiago

#### 1. POEMAS QUE BEBEN NA FONTE GALEGA DE GARCÍA LORCA

Nun poemario inédito de Darío Xohán Cabana (1970?)<sup>8</sup> figura unha “Elexía por Federico García Lorca”<sup>9</sup> onde están moi presentes algúns versos do poema III e no que hai outras presencias:

Elexía por Federico García Lorca

*As campás de Compostela cantan panxoliñas de ar.  
¡Aí, a choiva de Sant-Iago, que mainiño barruzar...!*

*¡Morto de bronce e cristal!*

*Polas rías de Bós Aires van os galegos chorando.  
¿Qué roxos muros de lama están na tebra axexando?*

*¡Morto de bronce e cristal!*

*¡Ouh, Federico García, qué foi daquela granada  
que estaba a froitificar i unba noite foi roubada?*

*Morto de bronce e cristal,  
¿qué foi daquela granada?*

De 1972 é “Cea na Quintana dos Mortos (Ensaio poético)”<sup>10</sup>, de Luís Álvarez Pousa, longo poema —moi primeirizo— no que, polo título, sospeitamos que a Nai que fala nesta composición é a Nai de “Danza da lúa en Santiago”. Que o texto non é alleo a este poema galego de Lorca próbano versos coma estes:

*Federico, ¿ónde deixaches a lúa  
da Quintana dos mortos?*

Xoseme Mosquera publica en 1982 “Auga da mañá anterga”<sup>11</sup>, inspirado, nos primeiros versos, no poema I de Lorca. Estes versos de Xoseme Mosquera, os únicos que coñezo del, son moi pouco afortunados.

Vencellado ó I está “García Lorca en Compostela”<sup>12</sup>, de Xosé Díaz Jácome, poema de 1983 que amosa a excelente feitura formal e o decoro habituais neste autor.

García Lorca en Compostela

*Chove en Santiago,  
meu doce amor.  
Camelia branca do ár,  
brilla entebrecido o sol.*  
García Lorca

*Auga peneirada  
por anxos de néboa,  
cae feita vidro  
sobre Compostela.*

*—¡Ai, como resoa  
no tambor das pedras!*

*A enloitada lúa  
e as orfas estrelas  
choran mainamente  
sobre Compostela.*

*—¡Ai, como nos doe  
o son da súa queixa!*

*¿Quen desfolla o pranto  
das outas camelias?  
¿Quen espalla bágoas  
sobre Compostela?*

*—¡Ai, que tenro orballo  
soñou o poeta!*

Excelente é o soneto de Víctor Campio Pereira, “O poeta baila coa lúa”<sup>13</sup> (1993), homenaxe a Federico feita, como nos fai sospeitar o título (e o lema), a partir de motivos e palabras esenciais de “Danza da lúa en Santiago”.

O poeta baila coa lúa

*Nai: a lúa está bailando  
na Quintana dos mortos.*  
F. G. L.

*Chove en Santiago pranto. A Berenguela  
tanxe poldros de sombra, o vento brúa.  
Transido corpo de galán, a lúa  
na Quintana dos mortos baila e vela.*

*Baila na pedra a lúa. Para vela  
—lourida pomba, namorada túa—  
para vela bailar na noite núa  
viñeches, Federico, a Compostela.*

*Na Quintana o luar tremelucía.  
A lúa amoute. A lúa, bico a bico,  
namoroute na pedra gris e fría,*

*pedra meiga con saibo a eternidade.  
¡E volos dous bailando, Federico,  
—a lúa e ti— mollados de saudade!*

Algúns elementos deste poema VI están presentes no de Xesús Rábade Paredes “A Federico, amor, que se nos foi de branco”<sup>14</sup>, escrito, *ad hoc*, como o de Campio Pereira, na mesma data e celebración. Comeza así:

*Sángrame a dor arreo polas costas  
como se sangra a sombra.  
Sábeme a voz ó laio do poeta  
cando che berro: ¡VOLTA!*

*Fala a morte en acoro.  
Na Quintana de pedra  
vésmo ti, amor de branco  
e alba pinga vermello.*

A Quintana protagoniza o estribillo dun poema de Juan Pérez Creus titulado “O dezanove de agosto (Lorca, Ánxel Casal)”<sup>15</sup>, presentado no mesmo acto de homenaxe:

*Pola Quintana dos mortos  
dúas sombras vagan:  
o poeta e o editor  
pola Quintana.*

Nun soneto inédito de Miro Villar, “Chove en Compostela” (1996), que é un soneto de amor, o segundo cuarteto constrúese con materiais e desde a lembranza de García Lorca:

*Hoxe chove tamén en Compostela,  
no corazón, na praza da Quintana,  
non haberá unha tarde máis lorquiiana  
pra revivir o amor...*

No recente volume de Luís G. Tosar, *Madeira do meu canto / Madera de mi canto* (Visor, Madrid, 1998), hai unha especie de poema en prosa, sen título, no que lemos:

*Fóra, na Quintana, os cabezudos bailan e bailan facendo reverencias  
mentres os foguetes estoupan por Federico García Lorca, ferindo potro de  
pedra na mesma porta do sono (a cursiva é miña).*

O autor, ó evocar a Federico na Praza da Quintana, que tanto admirou, bota man de dous versos de “Danza da lúa en Santiago”, modificándoos moi lixeiramente.

## 2. O “BRANCO GALÁN” DE GARCÍA LORCA E DE FERMÍN BOUZA-BREY

O poema VI de Lorca, “Danza da lúa en Santiago”, comeza con estes dísticos:

*¡Fita aquel branco galán,  
olla seu transido corpo!*

*É a lúa que baila  
na Quintana dos mortos.*

*Fita seu corpo transido,  
negro de somas e lobos.*

Ninguén, antes de 1993, aclarara quen era, na realidade, o “branco galán” destes versos. Será Filgueira Valverde, nun artigo dese ano<sup>16</sup>, quen faga esta revelación:

Penso eu que [...] o mártir Pelagio [...] o que dá tema, co acorde dos versos iniciais, ó canto lorquiano.

Ó baixar á Quintana, dende a Vía Sacra, no escenográfico esconce, alguén, nas xornadas santiaguesas, indicaría a estatua do santo mociño sobre a portada da igrexa no grande mosteiro e lembraría o motivo polo que ten o coitelo co que o degolaron cravado na gorxa.

A imaxe “de pedra” á luz da lúa e a historia da frustrada seducción polo Sultán de Córdoba tiveron que fascina-lo seu ánimo. E maxinou a unha “filla” de “cantiga de amigo” acenando á “nai”:

—Fita aquel branco galán...

O artigo de Filgueira Valverde, pese a ser reproducido, como apéndice, nas Actas dun Congreso literario<sup>17</sup>, pasou, segundo as miñas noticias, inadvertido. Quizais Filgueira foi un pouco elíptico á hora de facer referencia ó episodio, na vida de Paio, logo santo, que máis podía impresionar a un poeta da condición sexual de García Lorca. Quen consulte, por exemplo, un recente diccionario de nomes galegos lerá: “Tendo aínda dez anos, levárono preso, como refén, a Córdoba, en troques do seu tío o bispo Hermoixio de Tui, e martirizárono tres anos despois (925) por non querer acceder ós desexos sexuais de Abderramán III”<sup>18</sup>.

Pero no artigo de Filgueira Valverde hai outra revelación: “Outro alto poeta, Bouza-Brey, sente, no mesmo lugar e diante da imaxe, parello desacougo, e pon nos beizos dunha rapaciña que fala coa nai o mesmo sentir”. Refírese Filgueira ó poema de Bouza que comeza:

*Aquel recanto da Quintana, madre,  
do santo rapazinho decolado,  
desacouga-me o ledó coração.*

Pertence ó libro *Seitura*, publicado, no ano 1955, nunha editorial de Braga<sup>19</sup>, situación que propicia a portuguesización que estes versos manifestan<sup>20</sup>.

O motivo do santo degolado repítese na antepenúltima estrofa (“aquele coitelo na talhada gorja”) dun poema que, a maior abondamento, remata con este dístico:

*Aquel recanto da Quintana, madre,  
desacouga-me o ledo corazón.*

No artigo de Filgueira non se dá a entender se o poema de García Lorca estivo presente, dalgún xeito, no de Bouza-Brey; quizais limitábase a suxerilo sutilmente. É difícil pensar que non fose así. O poeta galego, non menos impresionado có poeta andaluz pola beleza e o final trágico de Paio, fai que no seu poema unha rapaza interpele constantemente á súa “madre” (“Falas da doce meninha”), o que recorda o recurso da “Danza da lúa en Santiago”, que é un diálogo entre unha “filla” e unha “nai”. No caso de Federico, non é a primeira vez que canta unha imaxe sagrada. En *Primer romancero gitano* (1928), nun dos romances, “San Miguel (Granada)”, atopamos, mesmo, versos de inequívoco erotismo:

*San Miguel, lleno de encajes  
en la alcoba de su torre,  
enseña sus bellos muslos  
ceñidos por los faroles.*

O fermosísimo mociño que suscitou en Abderramán III un arrebatado erótico non aparece, nin en Lorca (1935) nin en Bouza-Brey (1955), con trazos físicos como o do romance de 1928. Ambos os dous poetas coñecían, sen dúbida, a vida —e a morte— de Paio, o “branco galán”.

### 3. RAMÓN DE SISMUNDI EN GARCÍA LORCA E EN CELSO EMILIO FERREIRO

“Cántiga do neno da tenda” é o poema galego máis “social” de Federico. O neno protagonista, Ramón de Sismundi, é un de tantos rapaces ou mozotes galegos que, na emigración, en Buenos Aires, traballaban de sol a sol. Alí, lonxe dos seus, do seu eido matrio, a Ramón de Sismundi, farto de traballar (“basoira que te basoira/ polvo d’estantes e caixas”)

I) próelle, como a outros compatrianos, a saudade (“os galegos paseiaban/ soñando un val imposible”);

II) momento no que acode ó seu espírito unha peripecia habitual nos nenos das aldeas galegas (“mentres sete bois de lúa/ pacían na súa lembranza”),

III) instante no que decide ir á beira do mar para estar máis preto da terra deixada (“Foise pra veira do río,/ veira do Río da Prata”),

IV) pero, aínda así, non se atopa coa súa terra, non se reencontra co seu universo espiritual (“non víu o inmenso gaiteiro/ coa boca frofida d’alas”),

V) pois interponse, entre o eido matrio e el, “bermello muro de lama”.

García Lorca, en Buenos Aires (1933-1934), repara no drama dos seres humanos condenados a viviren desde moi novos dun duro traballo exercido lonxe dese alimento espiritual que é a gaita do lugar; García Lorca, ó reparar nese drama, concrétao na persoa dun rapaz galego ó que chama, sonoramente, Ramón de Sismundi. A historia do seu drama chega ata o momento en que o rapaz, xa incapaz de sentir o alimento da súa raíz cultural —a súa única cultura—, queda, de cheo, atado á tenda, ó cativo salario, ás horas e horas de traballo: ó pan (pouco e duro) sen compango espiritual ningún. Neste punto deixa de relatar a historia “do neno da tenda” García Lorca, o seu ilustre cronista.

¿Que foi de Ramón de Sismundi? Algúns camaradas de patria e sufrimentos fixéronse sindicalistas, como Manuel Serafín Fandiño<sup>21</sup>, e moitos outros que entenderon a súa solución, a súa realización persoal, como un compromiso moral coas xentes que sofren a historia. Polos datos que temos, Ramón de Sismundi, doído primeiro, cousificado e alienado despois, optou pola realización persoal e egoísta, pola “solución” individual.

Xa vello, atópao no seu camiño outro ilustre cronista, Celso Emilio Ferreiro, quen, en 1973, conclúe, nestes termos, a historia iniciada por García Lorca<sup>22</sup>:

Ramón de Sismundi morre na tenda [1973]

*Triste Ramón de Sismundi,  
sempre pechado en ti mesmo,  
hoxe xa dono da tenda  
basoiras soio pra dentro,  
basoiras prá caixa forte,  
basoiras cobros i arrendos,  
pois o pó da estanteiría  
basóiracho agora un neno  
fillo da rúa, nacido  
nas favelas de Palermo.*

*Triste Ramón de Sismundi,  
sempre teimoso e segredo,  
basoiras terra galega,  
basoiras amor e vezos,  
basoiras xabre de angurias,  
basoiras cinza de esquezos,  
borralla de lonxanías,  
estrume de sentimentos,  
basoira que te basoira  
na dura roda do tempo.*

*Galicia, probe e borrosa,  
xa non che turba o silencio.*

Dono da tenda e coas arcas cheas (“basoiras prá caixa forte”), está alleo, sen problema moral ningún (“basoiras xabre de angurias”), a Galicia, que “xa non [lle] turba o silencio”. Galicia, a “Galicia probe” —quede ben claro— é, no seu maxín, unha cousa decididamente “borrosa”. Este foi, na “lectura” de Celso Emilio Ferreiro, o final de Ramón de Sismundi.

#### 4. UN MADRIGAL INÉDITO —E APÓCRIFO— DE LORCA: “CANZÓN PARA A CIBDÁ DA CRUÑA” (1991)

Esta é a “Canzón” publicada en decembro de 1991 no suplemento Galicia Literaria do *Diario 16 de Galicia* (Vigo):

Canzón para a cibdá da Cruña

*Gaita de lúa e prata  
campos e máis ceios  
asulagan cadeas de mar.*

*Porque quero dormir teu sono de mazáns  
 pra deprede-lo llanto que me limpie de terra.  
 De terra, como cinza, e como bois e como lúa.  
 Cruña, mar de faros,  
 tremar de branco cireixo  
 corza de cristal veleiro.  
 Cruña, vento que vai pra lonxe,  
 espadón de nebulosa.  
 En túa ventá innumerabre  
 navega meu porto extranxeiro.  
 Cruña de gaita e lúa,  
 un boi amargo que pace  
 estrelas de chuvia e lirio  
 amaneceume en teus ollos.  
 Cruña de gaita e lúa.*

Non recorda, agás no título, o poema I, o “Madrigal á cibdá de Santiago”, pero hai, ás veces, palabras e modos presentes nalgúns dos *Seis poemas* de Lorca. Cómpre sinalar que o autor destes versos non posúe o talento mimético de Ánxel Fole.

Serodios na aparición, estes sorprendentes versos de Federico publicáronse, o 28 de decembro de 1991, nun artigo de Antón Abalde Souto titulado *Canzón para a cibdá da Cruña*. Un texto inédito de García Lorca”. Despois do título estámpase esta dedicatoria, non exenta de rexouba: “Para D. Francisco Vázquez, alcalde da Coruña”. Se o lector repara na data de publicación, o 28 de decembro, Día dos Inocentes, ten xa un dato para non ser moi inxenuo. Trátase, en efecto, dunha inocentada literaria, xénero ó que está dedicado, con intelixencia e algunha eficacia, a totalidade dese suplemento, que dirixía Xosé Ramón Pena, autor deste poema “de” García Lorca. Non sei se nalgún outro lugar chegou a publicar a “Canzón á cibdá de Betanzos”, inédito que se menciona no susodito artigo.

Quizais non sexa desaxeitado lembrar aquí que foi un 28 de decembro —do ano 1953— cando Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez publicou o seu fermoso invento trobadoresco que titulou *Cancioeiro de Monfero*<sup>23</sup>.

##### 5. DEDICATORIAS, TÍTULOS, REFERENCIAS, LEMAS, CITAS: GRATITUDE A UN POEMARIO EN GALEGO

En 1965, Uxío Novoneyra, nunha revista literaria de Madrid<sup>24</sup>, publica “Cinco poemas castellanos”, que dedica “A Federico García Lorca, por seis poemas gallegos”.

En 1980, Sebastián Risco publica, no libro *Do recuncho amado*<sup>25</sup>, o poema “Coloquio do arbore e o xitano”, con esta dedicatoria: “A Federico García Lorca, polos *Seis poemas galegos*”. De 1985 son os “Seis poemas galegos para Federico García Lorca”<sup>26</sup>, de Andrés Pociña. Titúlase o primeiro “Cantiga de berce para Federico García, morto”, título que é unha adaptación do que encabeza o poema V de Lorca (“Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta”).

En 1988, Rodolfo Alonso (arxentino, fillo de galegos) publica “Seis (casi) poemas galegos” no libro *Jazmín del país*<sup>27</sup>. Poeta alófono en lingua galega, como Federico, non estampa ningunha aclaración, en realidade innecesaria.

En 1955 publicouse o primeiro poema en galego, por min coñecido, sobre o poeta mártir: “Síntote (Ó ceibo espírito de Federico García Lorca)”. Neste poema, unha das súas estrofas é un entusiasta recoñecemento da poesía galega do gran escritor andaluz:

*¡Federico García!... ¡Poeta da Terriña!...  
¡García Lorca, amigo!... ¡páguecho Deus, enteiro!...  
¡Seis poemas galegos bulen na ialma miña!...*

Cómpre sinalar que o poema, de 1955, comeza e remata con este verso:

*¡Gardas ceviles nigros charoaban a noite!...*

O verso, con algunhas eivas idiomáticas, alude a unha das versións que circulaban na época sobre a morte do poeta; o verso, pois, sería impublicable na España de Franco e da Benemérita. En efecto, “Síntote” publicouse fóra, en Buenos Aires, nun periódico radicalmente antifranquista<sup>28</sup>, pero o autor, polo que supoñemos, vivía na Galicia do exilio interior. Aínda así, este poema “Ó ceibo espírito de Federico García Lorca” asínase con esta cautela: E. P. H. Ninguén, que eu saiba, logrou identificar a este escritor. Polos versos que teño lidos non se pode afirmar que fose un gran poeta, pero todos, absolutamente todos, pulsan a lira do antifranquismo. Esta é a condición de dous sonetos que publica en *Opinión Gallega* (Buenos Aires): “Pé da Frouseira” (maio de 1955) e “Ó fin ha ser” (abril de 1954), soneto este no que o autor manifesta que “¡a hora é chegada!”. Ó final do poema lemos: “Na Galiza, xaneiro de 1954”.

O “Descordo ós nosos poetas”<sup>29</sup>, de Bernardino Graña (1980), amosa, como lema, ademais de dous versos de Pedro Amigo de Sevilla, seis da “Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta”. Estes:

*¡Érguete, miña amiga,  
que xa cantan os galos do día!  
¡Érguete, miña amada,  
porque o vento muxe, coma unha vaca!  
[...]  
Galicia deitada e queda  
transida de tristes herbas.*

Os catro primeiros versos son citados por José Sanjurjo no “Canto de eternidad y sueño por Rosalía Castro” (entre a estrofa 35 e 36) despois da apóstrofe “¡Despiértate, maestra!”. Hai algo máis que a cita deses apostróficos catro versos. Estes dous:

*¡Ven a que eu te coroe  
ca coroa d'a neve d'a prata!*

Son versos da invención de José Sanjurjo feitos a partir de “Romaxe de Nosa Señora da Barca” (“A Virxe era de pedra/ e a súa coroa de prata”)<sup>30</sup>.

## 6. POETAS FORÁNEOS EN GALEGO: “RESPONSABLE”, LORCA

Que se saiba, o primeiro escritor non galego que poetizou no noso idioma despois de 1935 foi o arxentino Eduardo Jorge Bosco (Buenos Aires, 1913-1943). Datan, os seus poemas, de 1939, aínda que se publicaron anos despois, algún, por min, recentemente<sup>31</sup>. Inspirou estes versos Pepita Sabor, galega de Vilanova de Arousa, desde nena na emigración porteña. Sexa ela quen nos relate a relación e a débeda de Bosco con Federico:

Pero hay un hecho que, aunque parezca menor, tuvo para él una importancia capital. La primera vez que la mayoría del grupo oímos el nombre de Federico García Lorca, fue de sus labios. Bosco tenía una cultura literaria impresionante, y solía dejarnos a todos boquiabiertos, con excepción de Daniel Devoto, que era el único que no le iba a la zaga. Bosco nos hizo conocer la obra de García Lorca. Cuando Federico pasó por Buenos Aires en 1935<sup>32</sup>, se lo vio y se lo trató, y todos quedaron deslumbrados con él. Bosco siempre estimó en mucho sus *Seis poemas galegos*, y no creo exagerar si digo que fue ese ejemplo lo que lo arrastró, una sola vez en su vida, a componer sus propios poemas gallegos. Pero la verdad es que lo gallego estaba en el aire, y que no pocos jóvenes de entonces nos afanábamos detrás de sus manifestaciones. Aún conservo un ejemplar de *Vagalumes*, de Cabada Vázquez, que encontramos una noche vagando por la calle Corrientes, en una librería de lance, y que me regaló Bosco, con su firma y una fecha: 3 de octubre de 1939<sup>33</sup>.

Nunha dedicatoria “A Pepita”, do 8 de agosto de 1939, reconece Bosco que escribiu “estos cantares, sentindo no peito toda a soidade de Rosalía, e toda a saudade de Galicia, rosa de pranto entr’as herbas”. Esta “rosa de pranto entr’as herbas” remítenos ó poema V, ó verso “Herbas que cobren teu leito”. No léxico poético de Bosco hai outros ecos de Lorca: de Lorca poeta en galego.

Arredor de 1960, o brasileiro Godofredo Filho escribiu o poemario “Musa gallega”<sup>34</sup>, que consta de nove composicións: “Noiturnio en Santiago”, “Canzón que xurde da lúa”, “Romeiría”, “Auga e tempo”, “Maino chove en Santiago”... É case imposible non relacionar estes cinco títulos con títulos —e motivos— dos *Seis poemas* de Federico. Quen lea cun pouco de atención estes poemas sospeitará axiña a procedencia dalgúns materiais léxicos: *a lúa bailando, a lúa; herbas de cristal e de fina cinza...*

O coñecemento dos *Seis poemas galegos* foi determinante na vida literaria políglota de Gregorio San Juan, autor dun poema na nosa lingua que se titula “Federico García déixase ver na romaxe de Nosa Señora da Barca e os poetas galegos anterigos e novos acoden pra velo e darlle a benvida antre unha sinfonía de cores e música de gaitas”<sup>35</sup>.

O último poeta alófono de quen teño noticia é o brasileiro Luciano Maia. No poemario “Cinco poemas galegos”<sup>36</sup>, de 1997, hai unha composición, “O neno e a gaita”, inspirada, sen dúbida, en “Cántiga do neno da tenda”, cántiga, como xa temos dito, protagonizada por Ramón de Sismundi. A de Luciano Maia é unha “lectura” moi distinta da que fixo, en 1973, Celso Emilio Ferreiro, quen, como lembrará o lector, repara no Ramón de Sismundi vello, totalmente alleo (alleado) a señardades e compromisos. Nesta ocasión, Luciano Maia céntrase, como Lorca, no neno emigrado, no neno que, atopando unha gaita, “sospeita que endexamais/ escoitará o seu gaiteiro”. A glosa do alófono brasileiro insiste na lectura primitiva, na de García Lorca, poeta que, como poeta galego, está presente nos outros catro poemas de Luciano Maia.

O neno e a gaita

*Á mañanceira solaina  
se achega un vento estranxeiro.  
Un neno debuxa unha gaita  
no piso tosco e frieiro.*

*Deixando o molle da aldea  
por entre a néboa choída  
un barco a i-alba pentea  
permeando a marusía.*

*Alén no cais dos adeuses  
os aturuxos das aves  
perseguinto os ventos ceibes  
polos vaguieiros aires.*

*Prepara a man da tardiña  
as nordesías tebrosas.  
O neno só adiviña  
a degaranza das horas.*

*Mouras fenestras se choen  
ó laio dos esmoleiros.  
Lume nervioso de lóstregos  
invade os lares valeiros.*

*Baixo un solpor de amargura  
se acouga a escura aldeota.  
Verbas caladas tristura  
que peta de porta en porta.*

*Unha evadida canción  
entre a infancia e o desterro  
persegue as notas que van  
se ouvindo en silencio e medo.*

*O neno atopou unha gaita  
ben a carón do seu leito.  
Sospeita que endexamais  
escoitará o seu gaiteiro.*

7. ¿OUTROS POEMAS?

Neste artigo, non só amosamos os textos poéticos que, dun xeito ou doutro, están no ronsel dos *Seis poemas galegos*, senón que facemos referencia a aqueles poemas que acollen (no texto ou nun peritexto) algún compoñente do poemario galego de Lorca (o título, un verso, unha estrofa...).

Non abordamos, nesta ocasión, a presenza de Federico García Lorca na poesía galega, asunto que suscitou en Galicia (na do interior e na emigrante) dúcias de composicións. Son cantos de homenaxe ó home ou ó poeta e, ás veces, diatribas contra a súa morte. Nunha recente *Coroa*<sup>37</sup> acollo poemas en galego de Aquilino, Díaz Jácome, María do Carme Kruckenberg, Manuel María, Pepe Velo, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Antonio García Teijeiro, Matilde Lloria, Andrés Pociña, Manuel Blanco Mariño, Luz Pozo... Nestes cantos hai, algunha vez, algún eco da poesía do poeta cantado ou chorado, por exemplo, no “Romance de cego” de Celso Emilio Ferreiro, que comeza:

*O dazanove de agosto  
chegou a morte a Viznar.  
Entrou vestida de ialba,  
pro a ialba nunca virá.*

¿Non lembra o ton, o xeito dalgún romance lorquiano?

Nun recente (e inédito) epicedio de Luz Pozo, “Ainadamar” (Fonte das bágoas), a autora repite este verso:

*Non quero ver aínda o teu sangue vermello derramado na terra.*

Un verso que retoca moi levemente dous do inmortal *Llanto por Ignacio Sánchez Mejías*:

*que no quiero ver la sangre  
de Ignacio sobre la arena.*

Pero os cantos a Federico (á súa vida ou contra a súa morte) constitúen outro tema.

## NOTAS

- 1 De 1930 (?), reproducíoo, en facsímile, no meu “Ánxel Fole, García Lorca e os Seis poemas galegos”, *Día das Letras Galegas. Ánxel Fole*, Universidade de Santiago de Compostela, 1997, p. 61.
- 2 Vigo, Galaxia, 1975, p. 722.
- 3 *Ibidem*, p. 705.
- 4 *Ibidem*, p. 752.
- 5 *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1994, p. 275.
- 6 Buenos Aires, 1942. (Hai ed. facsímile en Edicións do Castro, 1972).
- 7 *Papeles de Son Armadans*, Palma de Mallorca, 1958; logo no libro *Nenias*, Vigo, col. Salnés, 1961.
- 8 En 1970 (?), en Lugo, regaloume un exemplar mecanografado. Supoño que algúns dos poemas, refeitos ou non, publicounos despois.
- 9 Publiqueina por primeira vez no opúsculo *García Lorca en Santiago de Compostela*, Xunta de Galicia, 1990, pp. 8-9.
- 10 O poema, datado en Ourense o 15-IV-1969, publicouse no seu libro *Os cas da vida*, Monforte de Lemos, colección Val de Lemos, 1972.
- 11 *Dorna*, Universidade de Santiago, 2, 1982, p. 46.  
Xa concluído este artigo, infórmame Luís G. Tosar que Xoseme Mosquera (Xosé Manuel Mosquera Carbón, nado na parroquia de Moreira, A Estrada), faleceu, moi novo, o 24 de maio de 1982. A modo de homenaxe, Luís G. Tosar, daquela coordinador de *Dorna*, publicou no número 6 desta revista (17-V-1983) tres poemas inéditos (e a fotografía) do infortunado poeta.
- 12 *Muño fidel*, Vigo, Galaxia, 1983.  
Díaz Jácome xa publicara en 1958 un poema de homenaxe a Lorca (*Papeles de Son Armadans*, Palma de Mallorca).
- 13 Alonso Montero, Xesús, e Salgado, Xosé M. (ed.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*, Vigo, Galaxia, 1994, p. 275.  
Poema escrito *ad hoc* para a homenaxe que se lle tributou a Ánxel Casal (editor dos *Seis poemas galegos* de Lorca), en Santiago, na Rúa do Vilar, 15 (onde estivera a súa imprenta) o 17 de abril de 1993.
- 14 *Ibidem*, p. 276.
- 15 *Ibidem*, p. 267.
- 16 “O branco galán da “Danza da lúa” de García Lorca”, *La Voz de Galicia*, 6-V-1993.
- 17 *Op. cit.* na nota 13, pp. 344-45.  
Tamén o recolle o autor en *VIII Adral*, Edicións do Castro, 1994.
- 18 Ferro Ruibal, Xesús *et al.*, *Diccionario dos nomes galegos*, Vigo, Ir Indo, 1992, pp. 417-18.
- 19 Coleção 4 Ventos, edición de Livraria Cruz, s. d. [1955].
- 20 Ás veces, formas raras como “decolado”, por “degolado” (igual en portugués ca en galego).
- 21 V. Penelas, Carlos, *Os galegos anarquistas na Arxentina*, A Coruña, Espiral Maior, 1996.
- 22 *Cimiterio privado*. Xenevra, Roi Xordo, 1973.
- 23 Vigo, Monterrey. (No colofón lese: “Rematouse de imprimir [...] o día 28 de Nadal de 1953, sinalada festa que a todos, máis ou menos, toca...”.)
- 24 *Poesía Española* 155, novembro, 1965.

- 25 Edicións do Castro.
- 26 Varios. *A Rosalía desde Granada*, Granada, Bálano, 1985, pp. 57-63.
- 27 Edicións do Castro.
- 28 *Galicia*. Buenos Aires, Federación de Sociedades Gallegas, 15-VIII-1955.
- 29 *Se o noso amor e os peixes...*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1980.
- 30 *Galicia*, Centro Gallego de Buenos Aires, enero, 1949. A este poema correspondeulle o segundo galardón do Premio Antonio Machado organizado en México pola revista *Las Españas*.
- 31 Bosco, Eduardo Jorge. *Oito poemas en lingua galega*. Ed. estudio e notas de X. Alonso Montero, Parlamento de Galicia, 1994.
- 32 Lapsus cronolóxico: Lorca está na Arxentina de outubro de 1933 a marzo de 1934.
- 33 Bosco, Eduardo Jorge. *Ed. cit.*, pp. 85-86.
- 34 *Irmã Poesia. Seleção de poemas (1923-1986)*. Secretaria de Estado da Educação e Cultura da Bahia, 1987, pp. 171-80.
- 35 *Op. cit.* en nota 13, p. 269.
- 36 *O Pão*. Fortaleza, 31-V-1997. (Hai outra edición, de galego menos coitado, no seu libro *Rostro hermoso*, 1997).
- 37 *Os poetas galegos cantan a García Lorca. Coroa literaria para Federico contra a súa morte*. Consorcio de Santiago de Compostela, 1998.